

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE OUTUBRO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 27 de outubro de 2022, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 24 de outubro de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D. Marcos Viturro Gómez, suplente da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste aos puntos 2a, 2f, 4b e 6a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2b, 6b, 8a, 9b, 10b, 11b e 11c)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 2c, 4a e 11a)
D. Antonio Vivero Mijares, suplente do xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 2d, 2e, 6c e 6d)
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 2g e 4c)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 9a e 10a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6805-241) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 1 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 20 de outubro de 2022, na mesma data, concedeuse a LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (Lotes 1, 2, 3 y 4) un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal. En concreto, para a presentación dun novo Anexo II no que indicara as referencias ás escrituras de constitución e de acreditación da representación.

Presentada a documentación correctamente en prazo o día 21 de outubro de 2022, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (Lotes 1, 2, 3 y 4) por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9924-113) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 20 de outubro de 2022, na mesma data, concedeuse a IBERMÁTICA, S.A. un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal. En concreto, para a presentación dun novo Anexo III asinado con persoa con poder de representación da empresa que acude como terceiro, INTEGRATED TECHNOLOGY SYSTEMS, S.L.

Presentada a documentación correctamente en prazo o día 24 de outubro de 2022, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a IBERMÁTICA, S.A. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 2 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. CIVIS GLOBAL, S.L.U
2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
3. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
4. ORECO BALGON, S.A.
5. PROSEMA NOROESTE, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6715-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co mesmo.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

Outorgar un prazo de tres días a VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto, deberá presentar un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte III "Motivos de exclusión" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu ás preguntas "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social" e "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral".

e) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213) (DECLARACIÓN PROCEDEMENTO DESERTO)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 3 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Salvamento (6716-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213).

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 27 de outubro de 2022, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados neste procedemento, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213) por non terse presentado ningún licitador tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral."

f) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39142-220)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co mesmo.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 4 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



acórdase, por unanimidade:

Admitir neste procedemento a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

g) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ATELIER SOCIAL, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto e tendo en conta que EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. presentou o Anexo III indicando que concorre con solvencia de un terceiro (ASOCIACIÓN VODEA) é necesario que:

1. EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L.

- Presenten un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte II "Información sobre o operador económico" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado á pregunta "Baséase o operador económico na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección contemplados na parte IV e os criterios e normas (no seu caso) contemplados na parte V, máis abaixo?" contesta que NON.
- Presenten un DEUC cumprimentado e asinado dixitalmente pola devandita ASOCIACIÓN VODEA dacordo coa cláusula 14.2.A do PCAP.

2. AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

- En concreto presentar un novo Anexo II no que aclare se vai a subcontratar servidores xa que no Anexo II enviado faise referencia á posible subcontratación de servizos e non de servidores de datos. Asemade, si realmente hai intención de subcontratar estes servidores, habería que incluír con qué empresa se subcontratarán e a ubicación dos devanditos servidores tal é como establece o artigo 122.2 LCSP .

4.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 5 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39142-220)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322)

Retirado do orde do día por ser necesaria a subsanación da documentación administrativa por parte de dous dos licitadores presentados.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6805-241)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (Lotes 1, 2, 3 e 4)

Lote 1

- Propón unha porcentaxe de desconto do 15 (%) a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: SI.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 6 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: SI.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): SI.

Lote 2

- Propón unha porcentaxe de desconto do 15 (%) a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: SI.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: SI.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): SI.

Lote 3

- Propón unha porcentaxe de desconto do 15 (%) a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: SI.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: SI.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): SI.

Lote 4



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 7 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Propón unha porcentaxe de desconto do 15 (%) a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: SI.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: SI.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): SI.

PIÑEIRO VÁZQUEZ, JOSÉ LUIS (Lote 1)

Lote 1

- Propón unha porcentaxe de desconto do 5 (%) a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: SI.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 5 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: SI.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): SI.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9924-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 8 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Redución do prezo do subministro	Redución do prezo anual do servizo	Incremento de licenzas de usuarios para as actividades de capacitación e concienciación en ciberseguridade	Incremento de licenzas EDR para dispositivos	Incremento de horas da bolsa anual incluídas no servizo SOC para dar soporte e cubrir a resposta a incidentes de seguridade
1 R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	260.365,66 €	43.422,87 €	50 licenzas	500 licenzas	20 horas
2 TRC INFORMATICA, S.L.	265.268,30 €	43.650,75 €	0 licenzas	300 licenzas	20 horas
3 IBERMÁTICA, S.A.	258.971,47 €	43.575,01 €	0 licenzas	295 licenzas	0 horas

Asiste á apertura:

- D. José Luis Cantón Blanco con DNI número **.79.6**-* en representación de R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6715-213)

Retirado do orde do día por ser necesaria a subsanación da documentación administrativa por parte de un dos licitadores presentados.

d) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213)

Retirado do orde do día por quedar deserto o procedemento ao non presentarse ningún licitador.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 1)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 9 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 17 de outubro de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 14 de outubro de 2022, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. DATA BASE STORAGE, S.L.
2. CONNECTIS ICT SERVICES, S.A.U.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os seguintes licitadores:

1. DATA BASE STORAGE, S.L.
1. CONNECTIS ICT SERVICES, S.A.U.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 21 de outubro de 2022 o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúe que *"unha vez analizada a documentación. respecto os valores anormais, das ofertas presentadas polos licitadores Data Base Storage, S.L. e Connectis ICT Services, S.A.U. conclúese a xustificación dos prezos son suficientes e están xustificación e conforme ó orzamento detallado"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10874-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe e o anexo correspondente asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 21 de outubro de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación e o anexo corrixido de data 25 de outubro de 2022, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, sendo aceptado, este último por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 10 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Entrégase o informe asinado pola xefe de Servizo de Administración Electrónica o 21 de outubro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES ABAL – REVIVIS (FORTALEZA VIGO)	97,65
2	UTE XAC-OREGA-VIASTEC	96,68
3	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA-EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL	96,27
4	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	70,66

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL – REVIVIS (FORTALEZA VIGO) (A36115459), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 1)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 11 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 1) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntos totais da oferta
INFORHOUSE S.L	90.46
DATA BASE STORAGE, S.L.	69.79
CONNECTIS ICT SERVICES. S.A.U	67.88
AVENET IT	61.14
LOGICALIS SPAIN S.L.U.	41.70
EDNON, S.L.	34.09

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE S.L (B36112803), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis” (1271-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora de accesibilidade da contorna do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 12 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Centro de Saúde de Teis" (1271-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que reixerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de xuño de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS con TRINTA E CINCO (1.308.106,35 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 227.026,72 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539.619.00.62 (Vigo Vertical, Esc. Mecánica ao C. Saúde Teis), provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta.

2022	1.308.106,35 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	89,00



2	UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U - AVAN INTEGRAL S.L.	31,78
---	--	-------

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 6 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 9 de setembro de 2022 e 27 de setembro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 14 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1271-441) por un prezo total do contrato de 1.245.186,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 216.106,74 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo, no que constan:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 15 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/06/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/07/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 05/08/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Memoria económica do contrato de data 05/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 08/08/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 08/08/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 604.686,76 €, que inclúe un I.V.E. de 104.945,64 €, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	Partida/ Proxecto	Concepto	base	ive	total
2022	9207.6260010 / 22920720	Equipamento servidores para CPD municipal	396,435.33 €	83,251.43 €	479.686,76 €
2022	9207.6260001 / 19920701	Centro procesamento datos CPD, Fase I e II	103,305.79 €	21,694.21 €	125.000,00€
TOTAL			499,741.12 €	104,945.64 €	604.686,76 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 16 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida no lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar neste lote, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. (B-15.123.177), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., o día 6 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o día 19 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido e os días 21 e 26 de outubro de 2022, fora do devandito prazo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación en sesión do 5 de outubro de 2022 que, comprobado que a única oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados segundo o criterio da cláusula 18 do PCAP e acorda outorgar a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. a máxima puntuación (100 puntos) ao abeiro do previsto na cláusula 16.3.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. (B-15.123.177) o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 2) cun prezo total do contrato de 124.868,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.671,37 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (39066-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos mesmos da mesa que en data 11 de outubro de 2022 notificouse a BASTET INGENIERIA, S.L. o acordo de clasificación de data 10 de outubro de 2022, requeríndolle a documentación correspondente en virtude do artigo 150.2 LCSP.

Revisada a documentación presentada por BASTET INGENIERIA, S.L. en data 24 de outubro de 2022, a mesa acorda por unanimidade dar un prazo de 3 días para a emenda da mesma. En concreto, deberá presentar os Anexos IV e V do PCAP asinados dixitalmente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 18 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:02 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - (MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL) - 28/10/2022 10:22:02 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) - 08/11/2022 13:45:12 | INTERVENTORA ADXUNTA - (OLGA GÓMEZ CORBAL) - 28/10/2022 11:40:42 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) - 08/11/2022 13:45:12 | TÉCNICO MEDIO SERV.ECONÓMICOS - (PABLO VARELA BALLESTEROS) - 28/10/2022 13:50:42 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO)

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 19 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-552A2F-24DAC6-S6LYZH-76RZ7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		